








Consiste na aplicación dun conxunto de instrumentos seleccionados para detectar posibles cambios na persoa con discapacidade intelectual (non síndrome de Down) e iniciar unha derivación para o diagnóstico axeitado.

FONTES DE INFORMACIÓN E INSTRUMENTOS UTILIZADOS

- **Persoas con discapacidade intelectual (non síndrome de Down):**
 - **CAMCOG-DS** que forma parte do [CAMDEX-DS. Proba de Exploración Cambridge para a Valoración dos Trastornos Mentais en adultos coa Síndrome de Down ou con Discapacidade Intelectual \(teaediciones.com\)](#) Sección 2. Avaliación do/a paciente. **Parte II Exame Cognitivo (CAMCOG-DS)**. Ferramenta estruturada e estandarizada que permite a avaliación das formas máis frecuentes de demencia, así como doutros trastornos mentais e físicos presentes en persoas con síndrome de Down ou discapacidade intelectual doutra etioloxía.
 - [MCRT - Modified Cued Recall Test](#): O test de recordo verbal selectivo é un procedemento utilizado para a avaliación da memoria episódica e a aprendizaxe verbal. A proba achega datos sobre o recordo libre de imaxes e o recordo facilitado mediante pistas.
- **Familiares ou outro/a referente de convivencia:**
 - **CAMDEX-DS**. Proba de Exploración CAMBRIDGE para a valoración dos trastornos mentais en persoas adultas coa síndrome de Down ou con discapacidade intelectual. **Sección 1. Entrevista á persoa informante**. Consta de Entrevista familiar única (CAMDEX – DS) e repetición da mesma se se detectan cambios.
- **Profesionais de referencia da persoa usuaria con discapacidade intelectual:**
 - Rexistro de observación para profesionais (ROP): Ferramenta profesional interna para a avaliación de cambios significativos na persoa a través de procesos observacionais. Unha puntuación de 0 indicaría ausencia de cambios observables. A maior incremento numérico, maior incidencia de cambios observados. Instrumento de elaboración propia.

PERIODICIDADE DA APLICACIÓN DO PROTOCOLO

IDADE	CAMCOG-DS	MCRT	ROP	CAMDEX_DS
 41 anos	PRIMEIRA MEDICIÓN		*	BASAL
 51 anos	SEGUNDA MEDICIÓN		*	×
 56 anos	TERCEIRA MEDICIÓN		BASAL	×
 Seguintes medicións	2 ANOS 	2 ANOS 	2 ANOS 	SE HAI SIGNOS DE ALERTA

* Recómendase o ROP en menores de 56 anos, sobre todo cando non hai posibilidade de aplicar CAMCOG-DS e MCRT. Neste caso a periodicidade é a mesma que nas devanditas probas.

BIBLIOGRAFÍA

- Guía [“O proceso de envellecemento das persoas con discapacidade intelectual”](#). Down Galicia

